

ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA

XUNTA DE GALICIA

Consellería de Traballo e Benestar

Xefatura Territorial da Coruña

Servizo de Relacións Laborais

Resolución de inscripción e publicación da empresa DISTRIGALICIA, SLU

Visto o expediente do convenio colectivo da empresa DISTRIGALICIA, S.L.U., (código nº 15100081012013), que foi suscrito pola comisión negociadora o día 02 de xuño de 2013, de conformidade co disposto no artigo 90.º 2 e 3.º do Real decreto legislativo 1/1995, do 24 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da lei do Estatuto dos traballadores, no Real decreto 713/2010, do 28 de maio, sobre rexistro e depósito de convenios e acordos colectivos de traballo, e a Orde do 29 de outubro de 2010 pola que se crea o Rexistro de Convenios e Acordos Colectivos de Traballo da Comunidade Autónoma de Galicia

ESTA XEFATURA DE TRABALLO E BENESTAR ACORDA:

1.º.-Ordenar a súa inscrición no Rexistro de Convenios e Acordos Colectivos de Traballo da Comunidade Autónoma de Galicia.

2.º.-Disponer a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia da Coruña.

A Coruña, 6 de agosto de 2013.

Xefa Territorial de Traballo e Benestar

MARIA PILAR CARIDAD ALONSO



www.cigservizos.org

II CONVENIO COLECTIVO - DISTRIGALICIA 2012-2014

Índice

PREÁMBULO. 1

CAPÍTULO I - ÁMBITO, VIXENCIA E ESTRUCTURA

Art. 2. Ámbito Territorial

Art. 3. Ámbito Funcional

Art. 4. Ámbito Persoal

Art. 5. Vixencia

Art. 6. Prórroga e denuncia

Art. 7. Vinculación á totalidade

Art. 8. Garantías persoais

Art. 9. Comisión Paritaria

CAPÍTULO II - ORGANIZACIÓN DO TRABALLO

Art. 10. Organización do traballo

Art. 11. Traslados.

CAPÍTULO III - CLASIFICACIÓN PROFESIONAL

Art. 12. Clasificación Profesional

Art. 13. Ascensos

CAPITULO IV - CONTRATACIÓN E EMPREGO

- Art. 14. Igualdade e non discriminación
- Art. 15. Igualdade de dereitos das traballadoras/res eventuais
- Art. 16. Contrato de traballo
- Art. 17. Baixa voluntaria
- Art. 18. Control sindical das contratacións
- Art. 19. Estabilidade no emprego

CAPITULO V - RETRIBUCIÓN E COMPENSACIÓN

- Art. 20. Salarios
- Art. 21. Salario Base.
- Art. 22. Complemento lineal de Convenio.
- Art. 23. Gratificacións extraordinarias
- Art. 24. Complemento de antigüidade
- Art. 25. Paga por vinculación
- Art. 26. Traballo nocturno.
- Art. 27. Saídas, viaxes e dietas
- Art. 28. Retribución variable
- Art. 29. Premio pola Redución do Absentismo

CAPÍTULO VI - XORNADA LABORAL, HORÁRIOS E DESCANSOS

- Art. 30. Xornada laboral
- Art. 31. Horas extraordinarias
- Art. 32. Descanso Dominical e en día festivo e Compensación de traballo en festivos
- Art. 33. Vacacións

**CAPÍTULO VII - LICENZAS**

- Art. 34. Licenzas retribuídas.
- Art. 35. Licenzas non retribuídas

CAPÍTULO VIII - MEDIDAS DE DESENROLO SOCIAL

- Art. 36. Incorporación e protección da muller
- Art. 37. Protección da situación de embarazo
- Art. 38. Permiso especial non retribuído
- Art. 39. Situación de risco durante o embarazo
- Art. 40. Redución de Xornada por Motivos Familiares
- Art. 41. Excedencia por coidado de fillos e familiares
- Art. 42. Excedencia forzosa e voluntaria
- Art. 43 Excedencia por violencia de xénero
- Art. 44. Reingreso
- Art. 45. Xubilación anticipada e xubilación parcial
- Art. 46. Integración social de Discapacitados
- Art. 47. Fomento da Natalidade
- Art. 48. Seguros Colectivos
- Art. 49. Complemento de enfermidade ou accidente
- Art. 50. Desconto en compras

CAPÍTULO IX - SEGURIDADE E SAÚDE

Art. 51. Organización de prevención

Art. 52. Roupa de traballo

Art. 53. Recoñecemento Médico

CAPÍTULO X - FORMACIÓN**CAPÍTULO XI - INAPLICACIÓN DAS CONDICIÓNS DE TRABALLO PREVISTAS NO PRESENTE CONVENIO****CAPÍTULO XII - RÉXIME DISCIPLINARIO**

Art. 54. Premios

Art. 55. Faltas

Art. 56. Sancións

CAPÍTULO XIII - DEREITOS SINDICAIS

Art. 57. Dereitos sindicais

Art. 58. Actividade Sindical

Art. 59. Asemblea de Traballadores

Art. 60. Horas sindicais

CAPÍTULO XIV - COMISIÓN PARITARIA

Art. 61. Constitución e funcións

Art. 62. Procedemento

DISPOSICIÓN ADICIONAL - LEXISLACIÓN APLICABLE**ANEXO I - Táboas Salariais**

www.cigservizos.org

II CONVENIO COLECTIVO - DISTRIGALICIA 2012-2014**PREÁMBULO.****Determinación das partes que o concertan.**

Este convenio colectivo o concertan as partes que a seguir se expresan. Por una banda, en representación da empresa:

- David Veiga Moares.

E da outra parte, en representación dos traballadores e como membros do comité, as seguintes persoas:

- D^a María Carmen Leira Díaz (CIG)
- D. Antonio Garcia Prieto (CIG)
- D. Alfredo M. Pérez Alonso (USTG)
- D. Carlos M. Novo Casal (USTG)

Asesores Sindicais:

- Asesores da CIG: D. Alberte Amado Tallón.
- Asesores da USTG: D. Santiago Rego Saavedra.

CAPÍTULO I - ÁMBITO, VIXÉNCIA e ESTRUCTURA**Art. 1. Ámbito aplicación**

O presente Convenio afecta á totalidade das traballadoras e traballadores que prestan os seus servizos laborais, baixo calquera modalidade de contratación para DISTRIGALICIA,S.L.U., nos seus centros de Culleredo, Ames e Fene.

O presente Convenio regulará as condicións ás que se axustarán as relacións económicas e laborais.

Afecta ó persoal que actualmente presta servizos na empresa referida, así como a aquel que ingrese no futuro. Quedando excluído do seu ámbito de aplicación o persoal de dirección e altos cargos.

No suposto de constitución dun novo centro de traballo na provincia de A Coruña, durante a vixencia do presente Convenio, será este de aplicación para os traballadores e traballadoras que presten os seus servizos profesionais no mesmo.

Art. 2. Ámbito Territorial

O presente Convenio afecta aos centros de traballo de Culleredo, Ames e Fene da empresa DISTRIGALICIA,S.L.U. así como a todos aqueles centros de traballo que se puidesen crear durante a vixencia do mesmo na provincia de A Coruña.

Art. 3. Ámbito Funcional

O presente Convenio regula as condicións económicas e laborais da empresa DISTRIGALICIA,S.L.U. segundo o indicado no artigo 2, referido á distribución e comercio de produtos tanto para maioristas como de minoristas.

Art. 4. Ámbito Persoal

Quedan dentro do ámbito do presente Convenio o persoal que presta servizos por conta allea na empresa DISTRIGALICIA,S.L.U.nos seus diferentes centros de traballo. Quedando excluídos do seu ámbito de aplicación o persoal de dirección e altos cargos

Art. 5. Vixencia

O presente Convenio Colectivo terá unha vixencia de tres anos, entrando en vigor a partir do 1 de Xaneiro de 2012 e finalizando o 31 de Decembro de 2014. Excepto para o Capítulo V, Retribucións e Compensacións que terá vixencia por dous anos, desde o 1 de Xaneiro de 2012 até o 31 de Decembro de 2013

Art. 6. Prórroga e denuncia

Ó finalizar ó prazo da súa vixencia, o Convenio entenderase prorrogado de forma tácita de ano en ano se non fose denunciado segundo a normativa desenvolta por este artigo. Denunciado o actual Convenio subsistirán, non obstante, os seus preceptos normativos até a entrada en vigor do que o substitúa.

Estarán lexitimados para formular a revisión e/ou denuncia as mesmas representacións que o están para negocialo, de acordo co artigo 87.1 do Estatuto das Traballadoras e Traballadores. No caso de que unha das partes quixese revisar o Convenio deberá comunicalo á outra con tres meses de antelación a súa finalización de vixencia.

A representación sindical ou empresarial que formule a denuncia e pretenda negociar un novo Convenio Colectivo que substitúa ó entón vixente, deberá acompañar o seu escrito de denuncia, proposta do punto ou puntos a negociar, expresando:

- a. Prazo de duración do novo Convenio.
- b. Materias concretas a negociar.
- c. Repercusión económica das condicións de carácter ou incidencia económica.
- d. Ámbito persoal e funcional no seu caso, do Convenio que se pretende.
- e. Proxecto de composición da Comisión Negociadora, con expresión do número de membros de cada unha das representacións.

Art. 7. Vinculación á totalidade

As condicións aquí pactadas forman un todo orgánico e indivisible e a efectos da súa aplicación práctica serán consideradas globalmente.

Art. 8. Garantías persoais

Respectaranse a título individual as condicións económicas pactadas con anterioridade á sinatura do presente Convenio Colectivo, que fosen superiores ás establecidas no presente Convenio consideradas no seu conxunto e en cómputo anual.

Así pois, manteranse, no presente Convenio, calquera plus ou complemento de carácter salarial que están a percibir as traballadoras e traballadores e que non fose regulado concretamente no CAPITULO V referido a Retribución e Compensación do presente Convenio.

Art. 9. Comisión Paritaria

No referente á Comisión paritaria, estare ó disposto nos artigos 61 e 62 do Convenio.

CAPITULO II - ORGANIZACIÓN do TRABALLO

Art. 10. Organización do traballo

A organización do traballo, coa suxeición ó presente Convenio e Lexislación vixente é facultade da Dirección da Empresa, polo tanto, esta poderá adoptar libremente cantas medidas crea necesarias para alcanzar unha maior eficacia e rendemento.

Sen merma da autoridade recoñecida á Empresa no parágrafo anterior, os representantes legais das traballadoras/res terán funcións de asesoramento, orientación e proposta referente á organización e racionalización do traballo, conforme os fins que lle son atribuídos. É competencia única e exclusiva da Dirección da Empresa, de acordo co especificado no artigo 20 do Estatuto dos Traballadores e a lexislación laboral vixente, a ordenación dos recursos, a súa organización, dirección e control; todo isto en relación á organización teórica e práctica do traballo, asignación de funcións e control e verificación da actividade laboral, previa comunicación ó Comité de Empresa e segundo o recollido no presente artigo. A organización do traballo ten como obxecto alcanzar nos servizos que se prestan un nivel óptimo de eficacia, utilizando axeitadamente os seus recursos materiais e contando coa colaboración do persoal.

O traballador ou traballadora ten a obriga de avisar á empresa tan pronto como coñeza a súa imposibilidade asistir ó traballo, para que se organice axeitadamente o servizo.

Art. 11. Traslados.

Enténdese por traslado o cambio de posto de traballo dun centro a outro, que diste mais de 30 quilómetros do centro de orixe, aínda cando non implica cambio de residencia.

O traslado poderá realizarse:

- a. A instancia do interesado ou interesada, formulada por escrito.
- b. Por mutuo acordo entre empresa e traballador ou traballadora.
- c. Por decisión da Dirección da Empresa, en caso de necesidade do servizo.

a). No suposto de que o traslado fora realizado a petición do traballador ou traballadora, e este fose aceptado pola Dirección da Empresa, o mesmo non conlevará nin xerará dereito a compensación algunha calquera que fose a distancia existente entre ambos centros. Os desprazamentos temporais voluntarios a novos centros de traballo, non suporán traslados nos termos previstos no presente artigo, e en eles estarase, en canto a retribucións, ó acordado entre o traballador/a desprazado/a e a Empresa.

b). No suposto de que o traslado se realizase por mutuo acordo entre a empresa e o traballador/a, estarase ao acordado entre as partes.

c). Cando o traslado se efectúe por necesidades do servizo e sempre que existan probadas razóns técnicas, organizativas ou de produtividade que o xustifiquen, a dirección da empresa o poderá levar a cabo despois de solicitar provisión voluntaria, por parte do persoal que reúna as debidas condicións profesionais e de categoría laboral que o suposto traballo requira. Con ocasión do traslado forzoso, superior a trinta días, a Empresa abonará ao traballador/a, previa xustificación por este, de todos os gastos de viaxe para el e a súa familia así como a dos enseres.

A compensación que a empresa levará a cabo por vivenda ó traballador/a desprazado, se o traslado conleva, ademais cambio de residencia, será equivalente ou similar á que o traballador/a viñese pagando.

Cando se produza vacante a cubrir da categoría do trasladado no centro de traballo de orixe, terá o traballador/a dereito preferente a ocupar a devandita vacante, sempre que cumpra cos requirimentos e esixencias da mesma.

No presente suposto e para o non regulado no presente artigo, considerarase, en todo caso, como mobilidade xeográfica suxeita ós límites e condicións establecidas no artigo 40 do Estatuto dos Traballadores/as, os traslados a centros de traballo que disten mais de 30 quilómetros do centro de orixe, aínda cando non implique o cambio de residencia.

CAPITULO III - CLASIFICACIÓN PROFESIONAL

Art. 12. Clasificación Profesional

As funcións que se desempeñan en DISTRIGALICIA,S.L.U.serán descritas e clasificadas tendo en conta os coñecementos, experiencia, grado de autonomía, responsabilidade e iniciativa, de acordo coas actividades que se desenvolvan.

A clasificación realízase por interpretación e aplicación de criterios xerais obxectivos así como por tarefas e funcións básicas mais representativas que desenrolen os/as traballadoras/es. A nova clasificación profesional figura no ANEXO I, do presente Convenio Colectivo.

GRUPO A**Coñecementos:**

Postos aos que se lles encomenda unha elevada responsabilidade na xestión da programación, o control e a supervisión dos procesos operativos e técnico-administrativos.

Postos aos que se lles encomenda a responsabilidade de desenvolver os procesos e procedementos técnicos moi complexos, ou que realizan autónoma e globalmente a coordinación e xestión dos mesmos.

Coñecemento mínimo requirido para o normal desempeño dos postos equivalente a unha Titulación Media ou Superior.

Iniciativa:

Postos que realizan ou contribúen na elaboración dos procedementos e os sistemas de traballo na distribuidora.

Autonomía e responsabilidade:

O seu nivel de autonomía é moi amplo; o control que recibe é sobre os resultados do seu traballo. Son postos con influencia na consecución dos obxectivos da organización.

Mando:

Son postos que deben programar, coordinar e /ou supervisar de preto a obtención dun obxectivo único a través dun conxunto de obxectivos parciais distintos pero fortemente relacionados entre si. Normalmente debe liderar o traballo dun equipo de colaboradores. A comunicación é un elemento fundamental no seu desempeño xa que debe requirir a cooperación doutros, convencerlles e exercer influencia sobre eles. Require habilidades para negociar, aceptando puntos de vista diferentes e comprendendo os obxectivos e desexos doutras persoas.

Complexidade:

Están neste nivel os postos aos que se lles ofrecen problemas moi complexos que requiren amplos coñecementos e experiencia para solucionarlos. Posúe criterios propios e unha elevada capacidade de análise.

GRUPO B**Coñecementos:**

Postos aos que se lles encomenda a responsabilidade da coordinación, o control e a supervisión dos procesos propios da área operativa; ou ben que desenvolven traballos en procesos e procedementos técnicos complexos.

Postos aos que se lles encomenda a responsabilidade da coordinación, o control e a supervisión de actividades de soporte técnico ou técnico administrativas complexas, que requiren un elevado compoñente intelectual e liderado. A participación en plans de mellora continua así como en novos proxectos.

Coñecemento mínimo requirido para o normal desenvolvemento do posto equivalente a unha Titulación Media, ou experiencia equivalente.

Iniciativa:

Postos que dispoñen de procedementos ou sistemas, ou participan na súa elaboración, para solucionar os distintos problemas que lles ofrece a súa función, e nos que o traballador debe aplicar a solución máis adecuada a cada situación.

Autonomía e responsabilidade:

Postos aos que se lles indica claramente; que tipo de problemas deben resolver e como deben resolver os seus propios obxectivos. Os procedementos e os sistemas establecidos exercen unha forte influencia sobre a solución dos problemas, pero non lle proporcionan todas as respostas necesarias. Mando:

Desenvolven o seu traballo con autonomía, podendo liderar un equipo de colaboradores.

Poden programar, coordinar e/ou supervisar de preto a obtención dun obxectivo único a través dun conxunto de obxectivos parciais distintos, aínda que fortemente relacionados entre si.

A comunicación constitúe un elemento importante para o normal desempeño do posto, xa que pode requirir a cooperación doutros ou exercer influencia sobre eles.

Complexidade:

Están neste nivel os postos aos que se lles ofrecen problemas de certa variedade e complexidade, que requiren amplos coñecementos para solucionarlos. Esixen criterios propios xa que deben elixir a aplicación máis adecuada, extrapolando solucións previas anteriores e certa capacidade de análise.

GRUPO C**Coñecementos:**

Postos aos que se lles encomenda a responsabilidade da coordinación e xestión de procesos e sistemas de carácter técnico na área operativa, que requiren certo compoñente intelectual.

Tamén poden desenvolver traballos en procesos e procedementos técnicos que esixen o dominio de máquinas e/ou sistemas informáticos complexos.

Postos aos que se lles encomenda a responsabilidade da coordinación, o control e a supervisión de procesos técnicos na área administrativa que son de elevada importancia para a organización, e que requiren certo compoñente intelectual.

Coñecemento mínimo requirido para o normal desempeño do posto equivalente a Bacharelato ou Técnico Especialista, ou experiencia equivalente.

Iniciativa:

Postos que dispoñen de procedementos e sistemas para solucionar os distintos problemas que lles ofrece a función e nos que o titular debe aplicar a solución adecuada a cada situación.

Autonomía/Responsabilidade:

Postos aos que se lles establecen prácticas e procedementos estandarizados, que requiren supervisión sobre o progreso do traballo e os resultados. Teñen autonomía para interpretar as normas recibidas, aínda que este nivel de autonomía queda circunscrito por modos de facer amplos.

Mando: Poden liderar un equipo de colaboradores. Poden programar, coordinar e/ ou supervisar de preto a obtención dun obxectivo único a través dun conxunto de obxectivos parciais distintos, aínda que fortemente relacionados entre si.

A comunicación pode ser un elemento importante para o normal desenvolvemento do posto, xa que poden requirir a cooperación doutros ou exercer influencia sobre eles.

Complexidade:

Están neste nivel os postos aos que se lles ofrecen problemas moi variados e complexos, que requiren amplos coñecementos para solucionarlos. Esixen criterios propios xa que deben elixir a aplicación máis adecuada, extrapolando solucións previas anteriores.

GRUPO D**Coñecementos:**

Postos que operan coa máxima eficacia e pericia en procesos operativos, coordinando e supervisando as diferentes actividades baixo a súa responsabilidade, actuando como referentes técnicos na resolución de incidencias recorrentes. Isto esixe dominio dos procedementos e tarefas encomendadas. Poden esixir manexo de maquinaria ou equipos especializados.

Postos que realizan traballos de soporte e xestión na área administrativa e comercial. Dominan procesos e sistemas técnico-administrativos dentro dunha sección especializada, ou ben a sistemática do proceso de vendas na área comercial. Requiren destreza en equipos especializados de certa complexidade e dominio de ferramentas ofimáticas e aplicacións informáticas específicas.

Coñecemento mínimo requirido para o normal desempeño do posto equivalente a Bacharelato, FP II, Ciclo Superior ou experiencia equivalente.

Neste grupo funcional inclúese a título enunciativo, todas aquelas actividades que por analoxía pódense assimilar ás seguintes:

Participación en grupos de mellora.


Xestión do equipo humano en aspectos de seguridade, calidade, produción e medio ambiente. Xestión de procesos operativos con dominio de ferramentas do sistema.

Mantemento de primeiro nivel estandarizado baixo ordenes concretas de actuación.

Manipulación de cargas con elementos mecánicos.

Iniciativa:

Postos que dispoñen de procedementos algo diversificados para solucionar os distintos problemas que lles ofrece a función, e nos que o titular debe aplicar a solución adecuada a cada situación, ou ben ten un mando próximo ao que pode recorrer facilmente, cando a situación sálguese do normal. Autonomía/responsabilidade:



www.cigservizos.org

Postos cuxas prácticas e procedementos están estandarizados, e que requiren supervisión sobre o proceso de traballo e os seus resultados.

Requíreselles iniciativa, algo pautada, para a aplicación da solución máis adecuada a cada situación. Normalmente reciben as instrucións de traballo a través de ordes ou programas de traballo específicos.

Mando:

Poden liderar un equipo de colaboradores.

A comunicación é un elemento importante para o normal desempeño do seu posto. Poden requirir a cooperación doutros, convencelos ou exercer influencia sobre eles.

Complexidade:

Están neste nivel os postos aos que se lles ofrecen problemas variados e complexos, que requiren amplos coñecementos para solucionarlos. Esixen criterios propios xa que deben realizar a elección da solución máis adecuada de entre varias coñecidas.

Neste Grupo diferéncianse aqueles ocupantes de nova incorporación na función, que non teñan experiencia previa na Empresa. E aqueles cuxa experiencia no posto e desenvolvemento das tarefas, coñecementos, etc. expostos anteriormente, alcanzouse pola experiencia no posto actual ou polo seu coñecemento noutras funcións.

GRUPO E**Coñecementos:**

Postos que realizan as súas actividades e tarefas dentro da área operativa, e que lles esixen o coñecemento das rutinas e os procedementos establecidos pola organización.

Postos que realizan as súas tarefas e actividades dentro da área administrativa e comercial, cun elevado nivel de esixencia e coñecemento dos procedementos e tarefas dunha sección

especializada. Coñecen a sistemática do proceso de vendas na área comercial. Poden requirir destreza no equipo especializado de certa complexidade (PC con aplicacións ofimáticas, Fax, fotocopiadora e outras ferramentas básicas de oficina).

Coñecemento mínimo requirido para o normal desempeño do posto equivalente a Ensino Secundario Obrigatorio ESO, FP II ou experiencia equivalente.

Neste grupo funcional inclúese a título enunciativo, todas aquelas actividades que por analogía pódense asimilar ás seguintes.

Participación en grupos de traballo de proxectos de mellora.

Postos que realizan actividades e tarefas de soporte indirecto á produción que esixen o coñecemento de procedementos dunha área especializada e que poden requirir o manexo de maquinaria e/ou equipos de certa complexidade.

Desenvolvemento de técnicas de venda na súa relación cos clientes.

Mantemento de primeiro nivel estandarizado baixo ordes concretas de actuación.

Manipulación de cargas con elementos mecánicos.

Manexo de programas ofimáticos e/ou específicos para a actividade administrativa.

Iniciativa:

Postos que actúan a través de instrucións estandarizadas cunha supervisión próxima. Requiren unha iniciativa moi pautada, aínda que poden dispor de certa autonomía para organizar o seu propio traballo e informar si hai algo que se á parte da norma.

Autonomía/Responsabilidade:

Reciben instrucións de traballo a través de rutinas e/ou procedementos estandarizados, onde están previstas as posibles continxencias pero que poden admitir certa variación ou interpretación por parte do titular, aínda que posteriormente deban ser supervisadas.

A súa responsabilidade está baseada nunha iniciativa moi pautada, para a aplicación da solución máis adecuada a cada situación, e no caso de que esta se separe do habitual, dispoñen dun mando próximo ou referente técnico ao que recorrer.

Mando:

Non teñen mando sobre persoas, salvo naqueles momentos ou actividades para os que lles sexan requiridas estas funcións. Realizan tarefas sinxelas e non se lles require resultados sobre o traballo doutros. A propia execución da tarefa que desenvolven fíxalles e organiza a disciplina do seu traballo.

Complexidade:

Están neste nivel os postos aos que se lles ofrecen problemas que requiren a elección da resposta adecuada entre un número limitado de opcións, todas as cales deberon ser previamente aprendidas.

GRUPO F**Coñecementos:**

Postos aos que se lles encomenda a realización de traballos sinxelos e rutineiros, que poden incluír o uso de maquinaria e/ou equipos de utilización sinxela.

Postos que realizan as súas tarefas e actividades dentro da área administrativa e comercial, que esixen o coñecemento dos procedementos dunha sección especializada. Poden requirir destreza no equipo especializado de certa complexidade (PC con aplicacións ofimáticas, Fax, fotocopiadora e outras ferramentas básicas de oficina).

Coñecemento mínimo requirido para o normal desempeño do posto equivalente a Ensino Obrigatorio (ESO)

Experiencia superior a seis meses en DISTRIGALICIA,S.L.U. .

Neste grupo funcional inclúese a título enunciativo, todas aquelas actividades que por analogía pódense asimilar ás seguintes.

Carga e descarga manual ou con axuda de elementos mecánicos sinxelos.

Mantemento da orde e limpeza do posto, así como tarefas sinxelas para o correcto funcionamento da instalación.

Recepción, ordenación, distribución de mercadorías e produtos, sen risco de movemento dos mesmos. Atención telefónica.

Manexo de programas ofimáticos e/ou específicos para a actividade administrativa.

Empaquetado e clasificación dos produtos para o seu envío a clientes ou devolución a provedores. Declaración da produción.

www.cigservizos.org

Iniciativa:

Postos cuxa iniciativa se guía a través de instrucións estandarizadas, cunha estreita supervisión. A súa iniciativa está moi pautada, e informan si hai algo que se aparta desa norma. Autonomía/Responsabilidade:

Postos aos que se lles indica como deben efectuar o seu traballo, da forma máis exacta posible. A súa responsabilidade limitase ao cumprimento das instrucións recibidas.

Mando:

Non posúen mando sobre persoas. Realizan tarefas sinxelas e non se lles require resultados sobre o traballo doutros. A propia execución da tarefa que desenvolven fíxalles e organiza a disciplina do seu traballo.

Complexidade:

Están neste nivel os postos aos que se lles ofrecen problemas que requiren a elección da resposta adecuada entre un número limitado de opcións, todas as cales deberon ser previamente aprendidas.

GRUPO G**Coñecementos:**

Postos aos que se lles encomenda a realización de traballos sinxelos e rutineiros, que poden incluír a utilización de maquinaria ou equipos de utilización sinxela.

Coñecemento mínimo requirido para o normal desempeño do posto equivalente a Ensino Obrigatorio. Experiencia inferior a seis meses en DISTRIGALICIA,S.L.U. .

Neste grupo funcional inclúese a título enunciativo, todas aquelas actividades que por analogía pódense asimilar ás seguintes.

Carga e descarga manual con axuda de elementos mecánicos sinxelos. Mantemento da orde e limpeza do posto, así como tarefas sinxelas para o correcto funcionamento da instalación. Recepción, ordenación, distribución de mercadorías e produtos, sen risco de movemento dos mesmos.

Atención telefónica.

Manexo de programas ofimáticos e/ou específicos para a actividade administrativa.

Empaquetado e clasificación dos produtos para o seu envío a clientes ou devolución a provedores. Declaración da produción.

Iniciativa:

Postos cuxa iniciativa se guía a través de instrucións estandarizadas, cunha estreita supervisión. A súa iniciativa está moi pautada, e informan si hai algo que se aparta desa norma. Autonomía/Responsabilidade:

Postos aos que se lles indica como deben efectuar o seu traballo, da forma máis exacta posible. A súa responsabilidade limitase ao cumprimento das instrucións recibidas.

Mando:

Non posúen mando sobre persoas. Realizan tarefas sinxelas e non se lles require resultados sobre o traballo doutros. A propia execución da tarefa que desenvolven fíxalles e organiza a disciplina do seu traballo.

Complexidade:

Están neste nivel os postos aos que se lles ofrecen problemas que requiren a elección da resposta adecuada entre un número limitado de opcións, todas as cales deberon ser previamente aprendidas.

Permanencia:

A permanencia neste grupo profesional se cingue aos primeiros meses de contrato en DISTRIGALICIA, S.L.U. , que se acumularán calquera que fose a modalidade de contrato, até un total de seis meses. Unha vez superado este período o traballador pasará ao seguinte grupo profesional.

Art. 13. Ascensos

De conformidade cos principios establecidos no artigo 24 do Estatuto dos Traballadores e con independencia da facultade de contratación de novos traballadores que haberá de suxeitarse ó disposto sobre o modelo de contratación e normas concordantes, os ascensos produciranse mediante algúns dos seguintes sistemas;

1. Mediante libre designación da empresa.
2. Por concurso ou oposición ou avaliación obxectiva.

Proveranse por libre disposición da empresa preferentemente entre o persoal da mesma, os postos de traballo correspondentes aos seguintes grupos profesionais:

- a. Persoal do Grupo B
- b. Persoal do Grupo C
- c. Persoal do Grupo D

Cando a empresa cubra algún dos postos previstos para o sistema de concurso e oposición, a súa convocatoria, á que poderán concorrer os traballadores, especificará a normativa de valoración que se estableza para devandito concurso ou oposición. Esta normativa, que será definida nun procedemento acordado pola empresa e a representación sindical, deberá conter un sistema de méritos de carácter obxectivo tomando, como referencia, entre outras, as seguintes circunstancias: Antigüidade, coñecemento do posto de traballo e historial profesional, probas a efectuar e a súa valoración.

O tribunal que vulgará as probas de acceso será designado pola empresa e presidido por un representante da mesma. Necesariamente formarán parte do tribunal dous traballadores de igual Grupo á praza que se convoca, designados polos representantes legais dos traballadores/ras así coma un membro de comité de empresa ou dos delegados de persoal.

Todo o persoal da empresa, terá en igualdade de condicións, dereito de preferencia para cubrir as vacantes existentes en calquera dos grupos ou seccións que integran a mesma en igualdade de condicións como mérito preferente.

A empresa estará obrigada a comunicar ó comité de empresa ou delegados de persoal a convocatoria de concurso ou oposición para prover das prazas de ingreso e de ascenso con polo menos 20 días de anticipación á data en que teñan que celebrarse as probas dando así mesmo publicidade diso nos taboleiros de anuncios da empresa.

CAPITULO IV - CONTRATACIÓN e EMPREGO

Art. 14. Igualdade e non discriminación

A empresa non poderá condicionar o emprego dun traballador/a a cuestións de ideoloxía, relixión, raza, filiación política ou sindical, ou calquera outro dereito fundamental. Respectarase o principio de igualdade de acceso a todos os postos de traballo na empresa, tanto para o home como para a muller, sen discriminación algunha.

Ambas as partes asinantes coinciden en que son obxectivos importantes para lograr a igualdade de oportunidades sistemáticas e planificadas os seguintes:

- Que tanto as mulleres como os homes gocen de igualdade de oportunidades en canto ao emprego, a formación e o desenvolvemento no o seu traballo.
- Que os postos de traballo, as prácticas laborais, a organización do traballo e as condicións laborais oriéntense de tal modo que sexan adecuadas tanto para as mulleres como para os homes.

Para lograr estes obxectivos teranse en conta todas as medidas, subvencións e desgravacións que ofrezan as distintas administracións, así como os fondos nacionais e internacionais. Tampouco poderá haber discriminación por razón de diminución psíquica, física ou sensorial, sempre que estivese en condicións de aptitude para desempeñar o traballo ou emprego de que se trate.

Art. 15. Igualdade de dereitos das traballadoras/res eventuais

Os traballadores eventuais gozarán dos mesmos dereitos e terán as mesmas obrigacións que o resto de traballadores fixos, coas limitacións que, en razón da modalidade de contratación, establézanse legalmente.

Art. 16. Contrato de traballo

O contrato de traballo será suscrito entre a empresa e o traballador/a por escrito, con entrega a este dun exemplar dentro dos 15 días seguintes á súa incorporación, con arranxo a calquera dos modelos aprobados por disposición de carácter normativo, que necesariamente deberá ser rexistrado na oficina de emprego. Farase constar en todos os contratos de traballo o código xeral das condicións que se pacten e o grupo profesional ou categoría na que quede encadrado o traballador, e en todo caso o contido mínimo do contrato.

Considérase como contido mínimo do contrato a fixación no mesmo de; A identificación completa das partes contratantes, a localización xeográfica e denominación, no seu caso, do centro de traballo ó que queda adscrito o traballador, o grupo profesional en que queda adscrito o traballador, a xornada de traballo de acordo co establecido neste Convenio, así como a expresión e a identificación do Convenio Colectivo aplicable.

Entregarase unha copia básica dos contratos que se formalicen por escrito á representación dos traballadores.

Art. 17. Baixa voluntaria

O persoal comprendido no presente Convenio que se propoña resolver a relación laboral e cesar voluntariamente deberá comunicalo á Dirección da Empresa, polo menos, con 15 días de anticipación á data en que se deixará de prestar servizos. O devandito preaviso considerárase validamente efectuado calquera que sexa a forma de comunicación.

O incumprimento por parte do traballador da obrigación de preavisar coa anticipada antelación, dará dereito á Empresa a descontar da liquidación do mesmo, o importe do salario de 1 día por cada día de atraso no aviso.

Art. 18. Control sindical das contratacións

As empresas notificarán aos representantes das traballadoras/es os novos contratos que se realicen de conformidade cos artigos 11 e 15.4 do Estatuto dos Traballadores.

Art. 19. Estabilidade no emprego

Durante a vixencia do presente Convenio, a empresa terá un nivel de emprego fixo do 80% do seu cadro de persoal.

CAPITULO V - RETRIBUCIÓN e COMPENSACIÓN

As retribucións que se fixan no presente Convenio entenderanse sobre xornada completa, tendo o traballador/a dereito a percibir, antes de que chegue o día sinalado para o pago, anticipos a conta do traballo realizado até o 90 por 100 da retribución devengada.

Os salarios devengados neste Convenio enténdese mínimos e con carácter de ingreso garantido nos casos nos que a retribución este composta de Salarios e Comisións.

A Dirección da Empresa poderá establecer sistemas retributivos vinculados á produtividade, previa negociación cos representantes dos traballadores.

A percepción das retribucións mensuais abonarase segundo o costume na Empresa, ou como máximo dentro do cinco primeiros días naturais do mes seguinte o seu devengo.

Art. 20. Salarios

Durante el primeiro ano de vixencia do Convenio, é dicir dende o 1 de xaneiro de 2012 ata o 31 de decembro de 2012, non se aplicará incremento algún en ningún dos conceptos salariais, manténdose todos eles na mesma cuantía que a establecida para o ano 2011.

No ano 2013, non se aplicará incremento algún en ningún dos conceptos salariais, manténdose todos eles na mesma cuantía que a establecida para o ano 2011, a excepción do denominado “complemento Lineal de Convenio” que se incrementará ata alcanzar a cuantía de 480 euros brutos anuais.

O incremento salarial para o terceiro ano de vixencia, será acordado de forma expresa pola comisión negociadora, no último trimestre do ano 2013, manténdose, ata que se alcance o acordo definitivo, inalterados os salarios e nas mesmas contías que corresponda ao ano 2013.

As traballadoras e traballadores que con anterioridade a vixencia do presente Convenio viñesen percibindo algún complemento ou plus de carácter salarial e independentemente da súa natureza, e que non estean regulados expresamente no presente Convenio, manterán os mesmos.

Art. 21. Salario Base.

O salario base para cada grupo profesional para o ano 2012 e 2013, será o fixado no anexo I das táboas salariais adxuntas a este Convenio.

Art. 22. Complemento lineal de Convenio.

O complemento lineal de convenio, terá un importe de 480 € brutos anuais, e aboarase prorrateado en doce mensualidades ou polo tempo traballado.

Art. 23. Gratificacións extraordinarias

A empresa abonará ó seu persoal unha gratificación de carácter extraordinario equivalente o importe do salario base máis antigüidade, con motivo do Nadal, pagadeira entre o 10 e o 20 de decembro. Outra mensalidade no mes de xullo pagadeira entre o 10 e o 20 de xullo. E unha terceira en concepto de Paga de Beneficios que se abonará na mesma contía que as outras dúas, e que será prorrateada mensualmente.

As Pagas Extraordinarias devengaranse por días naturais da seguinte maneira:

- Paga de Xullo: 1 de Xaneiro a 30 de Xuño.
- Paga de Nadal: 1 de xullo a 31 de decembro.
- Paga de Beneficios: 1 de xaneiro a 31 de decembro.

Art. 24. Complemento de antigüidade

Para o persoal de novo ingreso o cuadrienio, sexa cal fose o seu grupo profesional, terá o valor de 15,03 €. Para o resto do persoal os cuadrienios devengados até o 1 de maio de 1997, terá o valor do 5% sobre o salario base. A partir de 1 de maio de 1997, os cuadrienios que se devenguen terán o valor de 15,03 €. O cómputo da antigüidade do persoal regularase polas seguintes normas:

- a. A data inicial para a súa determinación será a de ingreso na empresa.
- b. Para o cómputo de antigüidade a efectos de aumentos periódicos, terase en conta todo o tempo de servizo na empresa, considerándose como efectivamente traballados todos os meses e días nos que o traballador reciba un salario ou remuneración, ben sexa por servizos prestados en calquera dos seus centros de traballo ou en licenzas ou en baixa transitoria por accidentes de traballo ou enfermidade común. Igualmente será computable o tempo de excedencia forzosa por nomeamento para cargo público ou sindical. Pola contra, non se estimará o tempo de permanencia en situación de excedencia voluntaria.
- c. Computarase a antigüidade en razón da totalidade dos anos de servizo prestados dentro da Empresa, calquera que sexa o grupo profesional ou categoría en que se atopa encadrado o traballador. En calquera caso estarase ao disposto no artigo 25 apartado 2 do Estatuto dos Traballadores.
- d. En todo caso, os que ascendan de categoría ou cambien de grupo percibirán sobre o salario base daquela á que se incorporen os cuadrienios que lles correspondan desde o seu ingreso na empresa, computada a antigüidade na forma sinalada nas normas anteriores, pero calculadas na súa totalidade sobre o novo salario base.
- e. No caso de que un traballador cesase na empresa por sanción ou por propia vontade sen solicitar a excedencia voluntaria, si posteriormente reingresase o cómputo da antigüidade efectuácese a partir deste último ingreso, perdendo todos os dereitos e antigüidade anteriormente adquiridos.

Art. 25. Paga por vinculación

Aqueles traballadores que ao cumprir a idade de 60 anos e que teñan acreditada unha antigüidade de 20 anos na empresa, comezarán a devengar o dereito á percepción dunha paga polo importe íntegro de dúas mensualidades, incrementado con todos os emolumentos inherentes á mesma. Dita paga percibirase no momento da xubilación.

Art. 26. Traballo nocturno.

Considérase traballo nocturno o comprendido entre as 22:00 e as 06:00. Terán a consideración de traballadores nocturnos aqueles que presten os seus servizos nese horario non menos de tres horas.

Os traballadores/as afectados polo presente Convenio Colectivo que presten servizos durante mais de catro horas diarias en horario nocturno terán a consideración de traballadores nocturnos tal como o establece no artigo 36 do E.T , terán dereito a percibir unha retribución específica denominada complemento de nocturnidade, pola xornada completa, cuxo importe será o equivalente dun 25 % do importe do salario base e plus lineal.

Aqueles traballadores/as que teñan un horario que coincida parcialmente co período de traballo nocturno, e non superasen as catro horas de prestación de servizos na citada franxa horaria, terán dereito á percepción do complemento retributivo específico, en proporción ás horas traballadas en horario nocturno, e na contía do 29% do salario base máis plus lineal, por cada hora nocturna traballada.

Art. 27. Saídas, viaxes e dietas

O traballador/a que, por necesidades da empresa, teña que desprazarse fóra da súa residencia habitual, terá dereito a que se lle abonen os gastos que efectuase, previa presentación dos correspondentes xustificantes.

En compensación daqueles gastos cuxa xustificación non resulte posible, o traballador terá dereito a percibir unha dieta de 12 euros ou 20 euros diarios, respectivamente, segundo o desprazamento sexa por media xornada ou por xornada completa.

A todos estes conceptos incrementaráselles a contía nos mesmos termos establecidos no artigo 21 do presente Convenio.

Os traballadores que utilicen o seu vehículo para realizar traballos da empresa, ésta aboará unha cantidade por quilómetro que en cada momento o Ministerio de Facenda considere como desgravable por este concepto.

Queda excluído do réxime establecido nos parágrafos anteriores o persoal cuxa actividade principal se desenvolva habitualmente fora do lugar de residencia, a condición de que nas súas condicións retributivas contemplouse xa a compensación dos gastos de desprazamento e esta figure nas condicións específicas pactadas na súa contratación.

Art. 28. Retribución variable

Este sistema de retribución está ligado á consecución dunha serie de obxectivos que outorgarán o dereito ó devengo dunhas cantidades que oscilarán en función do número de obxectivos logrados e o seu grao de consecución.

Os compoñentes deste sistema serán fixados pola dirección da empresa. Esta resérvase o dereito á modificación destes compoñentes, previa comunicación á representación legal dos traballadores e só con carácter previo ao comezo dunha nova anualidade.

Este sistema retributivo é progresivo de tal modo que, como norma xeral, cada indicador terá catro niveles (exceptuando aqueles que pola súa condición non poidan clasificarse de tal modo). Estes serán independentes, é dicir que non é necesario alcanzar o obxectivo mínimo en todos os indicadores para recibir a paga, senón que, conseguindo tan só un deles estase xerando o dereito a percibir a parte correspondente.

Dependendo do nivel que se alcance en cada un, xerará unha cantidade determinada.

Destinatarios: Os destinatarios desta retribución serán todos os traballadores/ras de DISTRIGALICIA,S.L.U. , exceptuando os Responsables de Departamento e Comerciais.

Cálculo e Devengo: O cálculo dos obxectivos conseguidos é mensual, así como o seu devengo. Con todo, o abono do mesmo realizarase trimestralmente.

Factor Corrector:

1. Cando se produzan variacións de persoal que impliquen a redución de máis do 10% do persoal reformularíanse as cantidades a cobrar por este concepto.

2. O devengo destas cantidades está supeditado á obtención de beneficios pola compañía durante o exercicio anterior.

A contía máxima mensual do presente complemento pode alcanzar até os 85 Euros.

Art. 29. Premio pola Redución do Absentismo

Como medida de fomento encamiñada a reducir os índices de absentismo na empresa, establecece un incentivo salarial denominado “premio pola redución de absentismo”.

O citado incentivo, entrará en vigor a partir do 1 de xaneiro de 2013, e para o seu devengo se terá en consideración os seguintes requisitos:

1. Tomarase coma referencia o conxunto de horas de absentismo anuais de tódolos centros de traballo afectados polo presente Convenio Colectivo, excluindo expresamente: horas sindicais, maternidade, paternidade, accidentes de traballo ou enfermidades laborais.

2. Anualmente Empresa e Comité de Empresa pactarán os parámetros que dan lugar a percepción deste premio así coma as cuantías do premio, atendendo as circunstancias empresariais do momento e con afán de mellora continua

3. Ó finalizar o ano, comprobarase o nivel de absentismo acadado, e se este atópase entre os parámetros pactados, aboarase o premio de absentismo.

4. Para o ano 2013 os parámetros pactados para o devengo do premio, así como a cuantía vinculada co cumprimento dos parámetros, son os que a continuación se detallan:

% de absentismo	Premio
6,00 %	0,30 % de Salario Base e Complemento Lineal
5,00 %	0,35 % de Salario Base e Complemento Lineal
4,00 %	0,40 % de Salario Base e Complemento Lineal
3,50 %	0,50 % de Salario Base e Complemento Lineal

CAPÍTULO VI - XORNADA LABORAL, HORÁRIOS e DESCANSOS**Art. 30. Xornada laboral**

Para o presente Convenio as partes conveñen en que a xornada laboral anual será de 1.772 horas efectivas en cómputo anual como máximo para os anos 2012, 2013 e 2014.

A empresa, respectando o número de horas laborais ó ano acordará a través dos seus Delegados de Persoal ou Comités de Empresa o horario máis adecuado ás súas necesidades en cada época do ano.

Cando na empresa se produza unha sobrecarga de traballo extraordinario, poderá a Dirección da mesma establecer un horario máis prolongado, de até de dez horas, para o persoal imprescindible con 24 horas de preaviso, reducindo a xornada semanal nas épocas de menor actividade, sempre que se cumpra o número de horas anuais.

En ningún caso, o carácter excepcional deste apartado poderá procrear tipo algún de xornada permanente diferenciada en canto ó seu cómputo semanal.

A redución de xornada realizarase por horas completas.

Salvo acordo entre as partes, a compensación en tempos de descanso terá lugar dentro dos catro meses seguintes á súa realización, preferentemente en xornadas completas. A empresa procurará que esta prolongación afecte equitativamente a todo o persoal ó que deba realizar os traballos extraordinarios que a orixinen.

Previa xustificación suficiente da existencia e importancia da causa elixida, quedan exceptuados do aquí contido:

a) Quen cursen con regularidade estudos para a obtención dun título académico ou de ensinanza profesional oficialmente recoñecido, e durante o tempo imprescindible para asistir ás devanditas clases.

b) Quen teñan obrigacións familiares habituais de carácter persoal e ineludible.

Art. 31. Horas extraordinarias

As horas que excedan dos cómputos anuais establecidos no artigo 30 do presente Convenio consideraranse como horas extraordinarias.

A realización de horas extraordinarias terá carácter voluntario.

A Dirección da Empresa, a petición dos representantes, dos traballadores da Empresa, comunicará a estes, mensualmente, o número de horas extraordinarias realizadas durante o mes anterior.

No caso de anomalías na realización de horas extraordinarias, a Comisión Paritaria poderá solicitar a información oportuna da empresa.

